



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la reparación de los daños causados en las infraestructuras viarias de titularidad municipal del municipio de Arzúa derivados de las obras de construcción de la A-54.**

La A-54 es una infraestructura largamente demandada que implicará una importante mejora para la conexión por carretera entre Lugo y Compostela, además de mejorar la movilidad en las comarcas por las que discurre, como la de la Montaña, al retirar el tráfico y el transporte pesado del centro de las localidades.

Sin embargo, las obras para la construcción de la autovía Lugo-Santiago, que ahora están próximas a su finalización con la conclusión del tramo entre Melide y Arzúa, han causado importantes daños en la red viaria municipal del municipio de Arzúa, un impacto agravado por los retrasos en la ejecución.

El continuado acceso de camiones y otra maquinaria pesada a las obras de la A-54 por las carreteras de Arzúa, prolongado en el tiempo, ha causado numerosos daños en las infraestructuras municipales, especialmente en la zona más próxima a las obras, pero no solo.

Así, el Ayuntamiento ha reclamado al Ministerio de Transportes que asuma su responsabilidad para la reparación de los daños causados. Entre los hechos más preocupantes están los desperfectos sufridos en el Puente sobre el río Iso en la Pastoriza (Lema), una infraestructura que sirve de conexión vital para la vecindad de la zona y cuyo colapso está causando un impacto directo en la movilidad y en la seguridad. Debe recordarse que, según la información disponible, todo apunta a que la principal causa del derrumbe fue el tránsito continuado de maquinaria pesada con origen y destino en las obras de la autovía. Además, se detectaron otras vías locales que presentan deterioros importantes, con baches, hundimientos y desvíos que también afectan a la seguridad vial y a la calidad de vida de la ciudadanía.

El agravamiento de los daños en la red viaria del municipio de Arzúa se produce, además,



en un contexto de creciente incertidumbre sobre los plazos de finalización, pues, según las informaciones aparecidas en los medios de comunicación, la apertura del tramo final de la A-54 tendrá lugar este verano, sin que el Ayuntamiento haya recibido comunicación ni información formal alguna al respecto por parte del Ministerio.

Para evaluar de forma conjunta todos estos elementos y estudiar medidas para la reparación y reposición de las infraestructuras dañadas en el municipio de Arzúa, se solicitó formalmente una reunión al Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, sin que, por el momento, se haya recibido respuesta.

Asimismo, el Pleno del Ayuntamiento de Arzúa acaba de aprobar una moción en la que se reclama, entre otras cuestiones, la celebración inmediata de la reunión solicitada al Ministerio, la elaboración de un informe técnico sobre el estado de las infraestructuras afectadas, la colaboración económica del Gobierno del Estado para reparar todos los daños ocasionados por las obras, la puesta en marcha de un plan extraordinario de seguridad vial y la publicación de un cronograma actualizado sobre la finalización de los tramos pendientes de la autovía.

En definitiva, el Ayuntamiento de Arzúa y el conjunto de su vecindad reclaman al Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible su compromiso en la reparación de las carreteras y elementos viales deteriorados como consecuencia directa del tránsito de vehículos pesados de las obras de la A-54. Resulta evidente que, si es una obra estatal la que está provocando los daños, es la Administración del Estado la que debe responsabilizarse de la reparación de los desperfectos causados para garantizar la seguridad vial.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Tiene conocimiento el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible del mal estado de las carreteras e infraestructuras viarias municipales en el municipio de Arzúa como consecuencia del continuado tránsito de maquinaria y vehículos pesados con origen y destino en las obras de la A-54?
2. ¿Comparte el Ministerio de Transportes que los baches, el desgaste de la red viaria municipal, especialmente en las zonas próximas a las obras, e incluso el derrumbe del puente de Maroxo tienen causa directa en el paso reiterado de transportes y vehículos de las obras de la A-54?
3. ¿Atendiendo a la responsabilidad de la Administración General del Estado en los



- daños de la red viaria de Arzúa, asumirá su responsabilidad y colaborará en la reparación y reconstrucción de las infraestructuras viarias dañadas?
4. ¿Tiene constancia el Ministerio de Transportes de la solicitud de reunión remitida por parte del Ayuntamiento de Arzúa para tratar estos asuntos? ¿De ser así, por qué no fue atendida? ¿Atenderá la solicitud y programará una reunión para evaluar de forma conjunta todos los elementos y estudiar medidas para la reparación y reposición de las infraestructuras dañadas en el municipio de Arzúa?
 5. ¿Cuándo estima el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible que finalizarán las obras de los tramos pendientes de la A-54 y se procederá a la apertura total de la infraestructura? ¿Hará público y comunicará al Ayuntamiento el cronograma actualizado sobre la finalización de los tramos pendientes de la autovía?
 6. ¿Establecerá el Ministerio los canales oportunos de diálogo con el Ayuntamiento de Arzúa para asegurar la colaboración económica del Gobierno del Estado en la reparación de todos los daños ocasionados por las obras y la puesta en marcha de un plan extraordinario de seguridad vial?

En Madrid, a 9 de junio de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

09 JUN. 2026 16:13:54

Entrada **118373**

Sobre os causados nas infraestruturas viarias do Concello de Arzúa derivados das obras da A54

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á reparación dos danos causados nas infraestruturas viarias de titularidade municipal do Concello de Arzúa derivados das obras de construción da A-54.**

A A-54 é unha infraestrutura longamente demandada e que implicará unha importante mellora para a conexión por estrada entre Lugo e Compostela, ademais da mellora da mobilidade nas comarcas polas que discorre como a da Montaña, retirando tráfico e transporte pesado do centro das vilas.

Porén, as obras para a construción da autovía Lugo-Santiago próximas agora á súa finalización co remate do tramo entre Melide e Arzúa, teñen causado importantes danos na rede viaria municipal do Concello de Arzúa, un impacto agravado polos retrasos na execución.

O continuado acceso de camións e outra maquinaria pesada até as obras da A-54 a través das estradas de Arzúa, prolongado no tempo, ten causado numerosos danos nas infraestruturas municipais, especialmente na zona máis próxima ás obras, mais non só.

Así, o Concello ten reclamado ao Ministerio de Transportes que asuma a súa responsabilidade para a reparación dos danos causados. Entre os feitos máis preocupantes están os desperfectos sufridos na Ponte sobre o río Iso na Pastoriza (Lema), unha infraestrutura que serve de conexión vital para a veciñanza da zona e cuxo colapso está a causar un impacto directo na

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

09 JUN. 2026 16:13:54

Entrada **118373**



movilidade e na seguranza. Debe lembrarse que, segundo as informacións dispoñíbeis, todo apunta a que a principal causa do derrubamento foi o tránsito continuado de maquinaria pesada con orixe e destino nas obras da autovía. Ademais, detectáronse outras vías locais que presentan deterioros importantes, con fochancas, afundimentos e desvíos que tamén afectan a seguranza viaria e á calidade de vida da cidadanía.

O agravamento dos danos na rede viaria so Concello de Arzúa prodúcese, ademais, nun contexto de crecente incerteza sobre os prazos de finalización, pois segundo as informacións aparecidas nos medios de comunicación a apertura do treito final da A-54 terá lugar este verán, sen que o Concello recibise comunicación nin información formal algunha a este respecto por parte do Ministerio.

Para avaliar de forma conxunta todos estes elementos e estudar medidas para a reparación e reposición das infraestruturas danadas no Concello de Arzúa solicitou formalmente unha reunión ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel, sen que, polo momento se tivese resposta.

Así mesmo, o Pleno do Concello de Arzúa vén de aprobar unha moción en que se reclama, entre outras cuestións, a celebración inmediata da reunión solicitada ao Ministerio, a elaboración dun informe técnico sobre o estado das infraestruturas afectadas, a colaboración económica do Goberno do Estado para reparar todos os danos ocasionados polas obras, a posta en marcha dun plan extraordinario de seguranza viaria e a publicación dun cronograma actualizado sobre a finalización dos treitos pendentes da autovía.

En definitiva, o Concello de Arzúa e o conxunto da súa veciñanza, reclama o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel o seu compromiso no arranxo das estradas e elementos viarios deteriorados como consecuencia directa do tránsito de vehículos pesados das obras da A-54. Resulta evidente que, se é unha obra estatal a que está a provocar os danos é a Administración do Estado a que debe responsabilizarse da reparación dos desperfectos causados para garantir a seguranza viaria.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Ten coñecemento o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel do mal estado das estradas e infraestruturas viarias municipais no Concello de Arzúa como consecuencia do continuado tránsito de maquinaria e vehículos pesados con orixe e destino nas obras da A-54?
2. Comparte o Ministerio de Transportes que as fochancas, desgaste da rede viaria municipal, especialmente nas zonas próximas ás obras, e mesmo o derrubamento da ponte de Maroxo teñen causa directa no paso reiterado de transportes e vehículos das obras da A-54?
3. Atendendo á responsabilidade da Administración Xeral do Estado nos danos da rede viaria de Arzúa asumirá a súa responsabilidade e colaborará para a reparación e reconstrución das infraestruturas viarias danadas?
4. Ten constancia o Ministerio de Transporte da solicitude de reunión remitida por parte do Concello de Arzúa para tratar destes asuntos? De ser así, por que non foi atendida? Atenderá a solicitude e axendará unha xuntanza para avaliar de forma conxunta todos os elementos e estudar medidas para a reparación e reposición das infraestruturas danadas no Concello de Arzúa?
5. Cando estima o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel que finalizarán as obras dos tramos pendentes da A-54 e se procederá a apertura total da infraestructura? Fará público e comunicará ao Concello o cronograma actualizado sobre a finalización dos treitos pendentes da autovía?



6. Establecerá o Ministerio as canles oportunas de diálogo co Concello de Arzúa para asegurar a colaboración económica do Goberno do Estado na reparación de todos os danos ocasionados polas obras e a posta en marcha dun plan extraordinario de seguranza viaria?

Madrid, a 9 de xuño de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso